



### XUNTA DE GALICIA

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

##### Anuncio

Resolución do 29 de xuño de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo referente á convocatoria das prazas de vixilante municipal dos corpos de Policía Local de distintos Concellos.

No Diario Oficial de Galicia número 127, do 6 de xullo de 2021, publícase a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca proceso selectivo unitario para o ingreso nas prazas de vixilante municipal (código do procedemento PR461E), na que se establecen as bases xerais que rexen esa convocatoria e número e características das prazas convocadas, que a continuación se sinalan:

Concello	Número de prazas	Escala/Categoría	Grupo o subgrupo	Nivel
Covelo	1	Administrativa/Especial	C2	14
Friol	1	Administrativa/Especial	C2	14

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta Resolución no "Boletín Oficial del Estado".

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos de conformidade coas bases da mesma.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021.-

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021.- O Vicepresidente Primeiro, e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, Alfonso Rueda Valenzuela.

R. 2369

### CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

##### Anuncio

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE DATA 29 DE XULLO DO 2021, POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, SE CITA AO TRIBUNAL PARA A SÚA CONSTITUCIÓN, E SE CITA AOS ASPIRANTES PARA A CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCEDIMENTO PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DUNHA PRAZA DE COORDINADOR DE PARQUES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO**

En relación co procedemento para a provisión definitiva de unha praza de coordinador de parques do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, convocado mediante resolución da Presidencia de data 12 de febreiro do 2021 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 55, de data 9 de marzo do 2021), a Presidencia do Consorcio adoptou, con data 29 de xullo do 2021, a seguinte Resolución:

1.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a provisión definitiva de unha praza de coordinador de parques do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento

**ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:**

N.º	NOME	APELIDOS
1	SUSANA MARÍA	ABELLEIRA LENCE
2	MARIA CRISTINA	CALVO GUNTURIZ
3	MARCOS	DEUS TRULLOS
4	VICTOR ANTONIO	DOCAMPO CANCELAS
5	LOIS	DOPICO RODRIGUEZ
6	IGNACIO	FERNÁNDEZ DÍAZ
7	MARCOS	FERNÁNDEZ LÓPEZ
8	EDUARDO	LOURIDO DOVAL
9	MARIA FATIMA	MACIAS YAÑEZ
10	MIGUEL ÁNGEL	MARTÍNEZ PÉREZ
11	MANUEL	MARTINEZ RODRIGUEZ
12	IRIA MARÍA	NEIRA FRAGA
13	JOSHUA	PÉREZ VÁZQUEZ
14	JAVIER	PRIETO RIVAS
15	PATRICIA	VAZQUEZ MEJUTO
16	JUAN	VILA MAYOR

**ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS :**

N.º	NOME	APELIDOS	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	JORGE	FERNÁNDEZ NOGUEIRA	Documentos non compulsados: DNI, Título académico, certificado do idioma galego

2.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na aula de exames do Centro Asociado UNED de Lugo, sito na Tolda de Catela 4B, o xoves, día 2 de setembro do 2021, ás 9:00 horas.

3.- Citar aos membros do Tribunal e máis aos aspirantes admitidos para que comparezan na aula de exames do Centro Asociado UNED de Lugo, sito na Tolda de Castela 4 B, o xoves, día 2 de setembro do 2021, ás 11:00 horas para a realización do primeiro exercicio.

4.- Notificar o contido da presente resolución aos membros do Tribunal e ordenar á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Consorcio e na páxina web [www.salvamentolugo.org](http://www.salvamentolugo.org).

Segundo figura nas bases reguladoras do procedemento, contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, ante do Sr. Presidente do Consorcio, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no BOP; ou ben recurso contencioso-administrativo, ante do Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP.

Lugo, 6 de agosto de 2021.- O SECRETARIO-INTERVENTOR, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2399

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

Visto a Resolución da Alcaldía 442/2021 de 7 de xullo de 2021, pola que se prestaba aprobación ás bases reguladoras do proceso, polo sistema de concurso-oposición, para o nomeamento de persoal funcionario interino: unha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz , e posterior formación de bolsa de traballo, así como a súa convocatoria.

Publicado anuncio no Taboeiros de Anuncios da Corporación da Casa consistorial, na sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 159, correspondente ao mércores 14 de xullo de 2021, en data 6 de agosto de 2021 pola Alcaldía dictouse Resolución de acordo coa base cuarta das reguladoras do proceso, co seguinte contido no apartado dispositivo :

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso polo sistema de concurso-oposición, para o nomeamento de persoal funcionario interino: unha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz, e posterior formación de bolsa de traballo:

#### RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS:

	APELIDOS	NOME	DNI/Documento	Nº ENTRADA
1	ABELLEIRA SANCHEZ	PATRICIA	***4688**	278
2	GONZÁLEZ ÁLVAREZ	DIEGO	***2876**	280
3	ANIDO PUENTE	ANA	***7809**	284
4	HERMIDA VARELA	DIEGO	***3763**	286
5	MARTINEZ CASTRO	XAIME	***0567**	294
6	TEJEIRO CAMPO	MARIA ELENA	***3743**	1058

**EXCLUÍDOS:** NENGÚN.

**SEGUNDO.** Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos na sede electrónica deste Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos da Corporación.

Apertúrase o prazo de tres días hábiles, a partir da publicación deste anuncio na sede electrónica, para formular reclamacións .

Alfoz, 6 de agosto de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2391

## BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 04/08/2021, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2021 das:

Taxa polo subministro de auga.

Taxa pola recollida de lixo.

Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 05/08/2021 ata o 04/10/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 4 de agosto de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2392

---

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de xullo de 2021 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 15 de xullo de 2021.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2393

**MEIRA***Anuncio*

Aprobación inicial modificación de crédito mediante suplemento de crédito número 1/2021.

O Pleno do Concello de Meira, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de agosto do 2021 aprobou o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito (núm 1/2021), por importe de 205.000,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, en relación co 169 do mesmo texto legal, expónse ó público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de reclamacións ante o Pleno.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerárase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Meira, 6 de agosto de 2021.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2394

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XUIIO 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Resolución de Alcaldía do día 5.08.2021 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de xullo de 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 26.08.2021 ata o 27.10.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 4 de agosto de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2395

**QUIROGA***Anuncio*

Rendida a Conta Xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2020, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 12 de agosto de 2021, expónse ao público polo prazo de Quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que, durante dito prazo de exposición e os oito días seguintes, os interesados poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Quiroga, 12 de agosto de 2021.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez.

R. 2428

## RIBADEO

### *Anuncio*

#### **Secretaría Xeral. 02**

**Expte. num. 2267/2021**

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Examinado o expediente tramitado para selección dun posto de traballo de Auxiliar de Admón. Xeral, funcionario interino, posto 0102 da RPT municipal vixente.

Vista anterior Resolución desta Alcaldía de aprobación da listaxe provisional de admitidos-excluídos publicada no BOP de Lugo de 27 de xullo de 2021 sen que se formularan alegacións á mesma.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das de Réxime Local,

#### **RESOLVE:**

1º. Elevar a definitiva **á listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos** de referencia.

2º. Confirmar a composición do tribunal cualificador que queda do seguinte xeito:

#### **Presidente:**

D.ª María Cristina González Santín, Interventora municipal de Ribadeo.

Suplente: D.Juan Hernando Rosa Ruiz, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda.

#### **Vogais:**

Titular: Dª María Jesús Díaz Amor, Administrativa do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dona Monica Barcia Paredes, AEDL do Concello de Ribadeo.

Titular: D. José Luis Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Suplente: Dª María Jesús Rañón Ríos, Bibliotecaria Municipal

Titular: Dª Patricia Coence Antelo, Tesoureira municipal de Ribadeo.

Suplente: Dª Luisa María Couceiro Rodríguez, Avogada do CIM de Ribadeo.

#### **Secretario con voz e sen voto:**

D.José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Jose Antonio Carro Asorey, Secretario Xeral do Concello de Ribadeo.

#### **3º. Fixar a data e hora para comezo dos exercicios:**

Data: 17 de agosto de 2021.

Hora: 10,00 horas.

Lugar: I.E.S. Dionisio Gamallo Fierros. Ribadeo.

4º. Publicar anuncio con esta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello e sede electrónica da web municipal, [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) aos efectos legais procedentes.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data da sinatura electrónica, do que eu Secretario en dou fe.

Ribadeo, 10 de agosto de 2021.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. Ante min: O SECRETARIO EN FUNCIONES, JOSÉ RODIL VEIGA

R. 2419

**SAMOS***Anuncio***Resolución de Alcaldía****Expediente nº:** 282/2021**Procedemento:** Delegación de funcións de Alcaldía no primeiro Teniente Alcalde.**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o artigo 47 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) que literalmente di:

*"1. Corresponde a los tenientes de alcalde, en cuanto tales, sustituir en la totalidad de sus funciones y por el orden de su nombramiento al alcalde, en los casos de ausencia, enfermedad o impedimento que imposibilite a éste para el ejercicio de sus atribuciones.*

*2. En los casos de ausencia, enfermedad o impedimento, las funciones del alcalde no podrán ser asumidas por el teniente de alcalde a quien corresponda sin expresa delegación, que reunirá los requisitos de los números 1 y 2 del artículo 44."*

Visto o artigo 44 do ROF, que literalmente di:

*"1. Todas las delegaciones a que se refiere el artículo anterior serán realizadas mediante decreto del alcalde que contendrá el ámbito de los asuntos a que se refiere la delegación, las facultades que se deleguen, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas, en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este reglamento.*

*2. La delegación de atribuciones del alcalde surtirá efecto desde el día siguiente al de la fecha del decreto, salvo que en ella se disponga otra cosa, sin perjuicio de su preceptiva publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y en el municipal, si existiere.*

*3. Las normas de los apartados anteriores serán aplicables a cualquier modificación posterior de las delegaciones.*

*4. De todas las delegaciones y de sus modificaciones se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que éste celebre con posterioridad a las mismas."*

Tendo que ausentarme e non podendo atender as funcións propias da Alcaldía que ostento durante o período que abrangue dende o 09 de agosto ao 27 de agosto, ámbolos dous incluídos, do ano corrente.

En uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 da lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/97 de administración local de Galicia e 43 e seguintes do ROF,

**RESOLVO**

**1º.-** Delegar tódalas funcións da Alcaldía no primeiro Tenente de Alcalde, D. José Antonio García Jurjo.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto de que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcorrido o período expresado no apartado núm. 1 da parte resolutiva deste Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

**2º.-** Dispoñer que a devandita delegación produza efectos dende o día 09 de agosto ao 27 de agosto de 2021, ámbolos dous incluídos, do ano corrente.

**3º.-** Dar traslado do presente Decreto ao Sr. García Jurjo, dispoñer a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de anuncios do Concello e da sede electrónica e dar conta do mesmo ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Así o orde e asina o Alcalde-Presidente, ante mín a secretaria, en Samos, dou dé.

Samos, 6 de agosto de 2021.- O Alcalde, Julio Gallego Moura.

R. 2396

*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05.08.2021, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a XULLO de 2021, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao

da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 5 de agosto de 2021.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 2397

## SOBER

### Anuncio

#### EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2020

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas con data 26 de xullo de 2021, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Sober, 4 de agosto de 2021.- O Alcalde, Don Luis Fernández Guitián.

R. 2398

## VIVEIRO

### Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS NA PUBLICACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL N.º 10 REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Advertido erro no anuncio publicado neste Boletín n.º 179, de data 6 de agosto de 2021, referente á publicación definitiva da Ordenanza Fiscal n.º 10 reguladora da Taxa de Recollida de Lixo, concretamente no artigo 6.2 onde dí :

“..

39	Fruterías e florerías	270
----	-----------------------	-----

..”

debe por

“..

39	Fruterías e florerías	270,27
----	-----------------------	--------

..”



Viveiro, 10 de agosto de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2418

---